



MANCOMUNIDADE
de MONTES
de PONTEVEDRA



"No hay árbol que el viento no haya sacudido". Proverbio hindú

Nº1 / 2013

en - comunicación

Boletín informativo

en - comunidade

Sumario:

**NÚMERO
ESPECIAL CO
RESUMO DA
CHARLA
COLOQUIO SOBRE
OS ESTATUTOS
DAS
COMUNIDADES DE
MONTES E ANOVA
LEI DE MONTES DE
GALICIA.**

**AVANCE DO
SEGUINTE
NÚMERO.**

**Fala coa
Mancomunidad
[montespontevedra@
mundo-r.com](mailto:montespontevedra@
mundo-r.com)**

ou a través do perfil
en facebook:
montes pontevedra.

**Achéganos as túas
opinións e as novas
da vosa comunidade:
reunións,
assembleas,...**

**CHARLA COLOQUIO SOBRE OS ESTATUTOS DAS
COMUNIDADES DE MONTES E A NOVA LEI DE MONTES DE
GALICIA**

A Mancomunidad de Montes de Pontevedra organizou para o pasado día 8 de marzo unha charla coloquio con Calixto Escariz sobre os estatutos das comunidades de montes e a súa actualización ao abeiro da nova Lei 7/2012 de montes de Galicia.

O presidente presentou ao poñente Calixto Escariz Vázquez, aínda que pola súa traxectoria profesional moi vinculada ás comunidade de montes, cecais non fora necesario.

Entrando na materia da charla achegamos unha escolma das ideas achegadas por Calixto durante a charla.

- Respecto **da condición de comuneiro**, aínda que non se trata dunha novidade introducida na nova lei, senón na xurisprudencia dos últimos anos, recoñécese obrigado unha residencia efectiva na parroquia de aló menos dez meses.

- **QUORUM DA ASEMBLEA:** A Comunidade de Montes non ten capacidade sancionadora polo que non pode sancionar aos comuneiros por faltas de asistencia ás Asembleas. Non se pode privar á ninguén da condición de comuneiro e, por tanto, do seu dereito a participan nas votacións e no reparto de beneficios.

- A lei define como monte tanto o terreo como as construcións e instalacións para o seu servizo e aproveitamento polo que, a día de hoxe, estes están exentos de IBI, ao igual que todas as parcelas dos montes veciñais en man común. Nestes últimos meses estase comunicando este cambio legal as unidades de **recadación do IBI** e veñen sendo aceptadas, recoñecéndose por tanto a exención das construcións respecto deste imposto.

- Porén, a lei tamén define o monte excluindo expresamente terreos urbanos ou urbanizables ou núcleos rurais. Esta definición atinxe a condición de monte e non se lle pode aplicar ao réxime xurídico dos montes veciñais, é dicir, que isto non pode empregarse como causa para a clasificación de parcelas comunais que teñan esta cualificación urbanística xa que a condición de monte veciñal en man común está ligada ao aproveitamento consuetudinario do monte polos veciños.

- Respecto a un dos problemas que xorden con frecuencia en montes que é o destrozos que causan o mal **uso de vehículos de motor** – motos e quads, especialmente, a lei recoñece ao propietario o dereito

a prohibir a circulación destes vehículos polo monte. Esta prohibición debe comunicarse á Xunta de Galicia para que poida comezar a sancionarse este feito. Tamén é importante que esta prohibición se recolla no instrumento de xestión da Comunidade de Montes – Proxecto de ordenación -.

- **Respecto aos delindes**, a administración deixa as Comunidades de Montes a facultade de facer o deslinde e resérvase á Administración a súa aprobación definitiva. Entre Comunidades, é un procedemento de mútuo acordo que implica o custe do levantamento topográfico, a probación pola asemblea de ambas comunidades, un acto de conciliación no Xulgado e aprobación pola administración e toma de razón do Xurado de Montes. Cos propietarios particulares é o mesmo procedemento que seguíase coa lexislación antiga mais agora todo o procedemento debe ser desenvolvido e custeado pola Comunidade que debe facer unha proposta de deslinde inicial que debe ser aprobada pola administración y posteriormente revisar a documentación dos propietarios, chegar a acordo con todos eles ou nun tramo, aprobalo en asemblea e levar a proposta a administración que deberá facer a validación definitiva. **Parece convinte incluír nos estatutos un epígrafe dedicado aos deslindes, concienciando aos comeneiros da comenencia de que se completen os deslindes.**

- Unha novidade da lei e a nova capacidade das comunidades para **adquirir terreos** e incluílos no monte veciñal e así mesmo, darase validez aos contratos de compra anteriores, incorporándose as parcelas mercadas ao monte veciñal. Así mesmo as CMM terán a partir de agora dereito de tanteo sobre as propiedades lindantes o que pode ser unha fórmula para integrar os enclavados.

- Outra novidade é a flexibilización do cambio de uso, dando unha maior facilidade á súa realización o que pode supor transformacións masivas a solo agrario.

- **Convenios:** Coa nova lei extínguense os convenios de xestión entre as Comunidades de Montes e a Xunta que nun prazo de tres anos deben estar cancelados. Esta cancelación producirase cando non haxa débeda ou cando non houberan conseguido cumprir os fins do convenio. Aquelas comunidades que teñan débeda, segundo a lei, deberán abonala ou a Xunta quedará coa xestión do monte que poderá cedela a un terceiro ata que recupere o investimento feito.

- Incorporanse **novas limitacións** á realización de **repopoacións** e relativas a **prevención de incendios** que suporán unha redución da rendibilidade do monte.

- **Ordenación de montes.** Dase un prazo de seis anos para que as comunidades de montes elaboren os seus proxectos de ordenación.

- Modifícase a **porcentaxe de reinvestimento no monte** que pasa do 15 % dos beneficios ao 40 % dos ingresos e ao 100 % dos rendementos extraordinarios.

Entre as cuestións suscitadas ao longo do debate posterior á charla podemos citar as seguintes:

servidumes eléctricas. As comunidades teñen dereito a percibir unha compensación pola servidume das novas liñas e daquelas que non foron expropiadas na súa construción.

2. Avance da temática do próximo número: O uso social e cultural do monte / Ruralactivate / II Xornadas do Patrimonio

Escríbenos ou ponte en contacto coa Mancomunidade e cóntanos a túa opinión.



Mancomunidade de Montes de Pontevedra.
Antiga escola unitaria de Cons, s. n. – Mourente
Pontevedra
Tfno presidente: 659 54 55 59
Tfno. Asistencia Técnica: 986 85 14 24
montespontevedra@mundo-r.com